



BOLETÍN

2ª Proba da Liga Galega de Trail_O 2023

Curro da Valga (Oia)

Contido

1 A proba.....	3
1.1 Organización.....	3
1.2 Información xeral.....	3
1.3 Mapa.....	4
1.4 Tipo de proba.....	5
2 Inscripcións.....	7
3 Lugar de concentración.....	8
3.1 Como chegar.....	8
4 Sistema de cronometraxe.....	10
5 Protocolo covid.....	10
6 Premios.....	10

2ª Proba da Liga Galega de Trail_O 2023

Curro da Valga (Oia)

1 A PROBA.

A 2ª proba da liga Galega de Trail_O 2023, s será unha carreira en modo PRE-O no curro da Valga no concello de Oia, nun **mapa novo** creado por **Maikel Rodríguez Domínguez**.

1.1 ORGANIZACIÓN.

Club organizador: Asociación deportiva A Forna (budiñoraid).

Dirección da proba: Xosé Cabaleiro Vila.

Cartografía: Maikel Rodríguez.

Cronometraxe: Javier Rodríguez, Ricardo Monje García.

Xuíz controlador: José Antonio Ricoy.

Coordinador COVID: Javier Rodríguez Martínez.

Email de Contacto: budinhoraid@gmail.com

1.2 INFORMACIÓN XERAL.

Esta será a **segunda proba** da liga galega de Trail_O 2023 e vaise levar a cabo o **3 de xuño do 2023**.

Está organizada polo club **budiñoraid** e contará, para o seu axeitado desenrolo, coa colaboración puntual dos compañeiros do **VigOrienta**.

2ª Proba da Liga Galega de Trail_O 2023 Curro da Valga (Oia)

A planificación da proba será a seguinte:

FECHA	HORA	ACTIVIDADE	LUGAR
26/05/2023	23:50	Peche das inscricións.	WEB FEGADO
29/05/2023	20:00	Presentación da proba.	POR DEFINIR
01/06/2023	18:00	Listado dos horarios de saída dos participantes.	WEB FEGADO
03/06/2023	16:00	Apertura secretariado.	ZONA DE COMPETICIÓN
03/06/2023	17:00	Saída primeiros participantes federados	ZONA DE COMPETICIÓN
03/06/2023	19:00	Peche de Meta.	ZONA DE COMPETICIÓN
03/06/2023	19:30	Entrega de Trofeos.	ZONA DE COMPETICIÓN

1.3 MAPA.

A proba realizarase nun **mapa novo** específico de Trail_O no monte da Valga realizado por **Maikel Rodríguez Domínguez**, no ano 2023.

O mapa será a unha **escala de 1:4000** e **equidistancia 2m**, cumprindo a normativa ISSPrOM 2019-2.

2ª Proba da Liga Galega de Trail_O 2023 Curro da Valga (Oia)

1.4 TIPO DE PROBA.

A proba estará deseñada para unha carreira de Trail_O en modo PRE_O, cas seguintes categorías:

- OPEN-ÉLITE
- PARALÍMPICA
- OPEN-INICIACIÓN

En modalidade PRE_O hai un so posto de control **cronometrado**. O participante dirixirse á zona de control seguindo as indicacións da organización.

Unha vez situado no punto de decisión e cando considere que está listo **pizará a estación de INICIO**, mirará os mapas dos desafíos, haberá 3 e unha vez decidida a resposta de cada punto a **sinalará na mesa ou a dirá en voz alta** usando o alfabeto fonético internacional, sendo A, alfa; B, beta; C, charli; D, delta; E, echo; F, foxtrot. Unha vez rematados os desafíos **pizará a estación de Fin**. No posto cronometrado non hai baliza cero (Z)

O **tempo máximo** de cada desafío é de **30 seg.**, cada **resposta incorrecta** implica unha **penalización de 30 seg.**, que serán engadidos o tempo empregado para responder. Si supera o **tempo máximo de cada punto de decisión considéranse como erróneos** os desafíos que falten.

Mirando de esquerda a dereita a baliza “A” sería a situada máis a esquerda e a baliza “F” a situada máis a dereita.

Despois do control cronometrado o participante iniciará o percorrido tendo en conta as seguintes consideracións:

Haberá que seguir o itinerario marcado no mapa. Non se pode saír do camiño indicado e tampouco sobrepasar ás zonas marcadas con cinta de balizar.

Aínda que as balizas estarán colocadas coa maior precisión posible, se se da o caso que unha delas se atopa **desprazada do punto exacto** ata **3 metros**, a resposta non será Z.

Cada participante dispón de **60 minutos** mais o tempo empregado no punto cronometrado. Sobrepasar o tempo máximo implica penalización de **1 punto por cada cinco minutos de tempo escedido**.

2ª Proba da Liga Galega de Trail_O 2023 Curro da Valga (Oia)

Cada acerto é **un punto** e cada fallo **zero**, fallar non penaliza.

NON SE PODE RECTIFICAR; se hai mais unha resposta no mesmo control, será tomada como nula.

Todos os controis son de **tipo A-Z**, é dicir, hai una baliza no terreo que coincide co centro do círculo marcado no mapa e a descrición (A), ou non hai (Z).

Non hai puntos de decisión no terreo. Hai que mirar cara o terreo dende o mellor lugar para poder responder con seguridade (sen saír do camiño)

Deberase seguir o itinerario marcado no mapa cunha liña maxenta.

Poden verse varias balizas simultaneamente. So hai que fixarse en se hai ou non unha baliza que se corresponda co centro do círculo e ca descrición. Sempre haberá unha baliza no terreo por cada control, que estará situada ou non no centro do círculo.

En caso de Empate a puntos farase uso do tempo do desafío cronometrado para desempatar.

Vaise a establecer unha zona de cuarentena media hora antes do inicio da proba para todos os corredores. Está terminantemente prohibido transitar pola zona de competición ou saír da zona de cuarentena.

2ª Proba da Liga Galega de Trail_O 2023 Curro da Valga (Oia)

2 INSCRICIÓN.S.

As inscricións levaranse a cabo a través da web da fegado (<https://fegado.es/events/view/f47c0ulg5qb8//>). Ata o **domingo 28 de Maio** as **23:50 horas**.

O custo das mesmas será:

- **Federad@s: 3,5€.**
- **Non Federad@s categoría OPEN-INICIACIÓN: 5€.**
- **Cambio da tarxeta S.I, unha vez pechadas as inscricións e antes do día da competición: 2€**
- **Cambio da tarxeta S.I, o do día da competición: 5€**
- **Recargo por inscrición fóra de prazo: +100% da cota de inscrición correspondente.**

A estes prezos sumárase 3€ a maiores polo aluguer da **pinza S.I** para aqueles que o precisen (**Obrigatoria en tódolos percorridos**). Asígnase automaticamente unha tarxeta S.I en aluguer a todo aquel que non indique nº de tarxeta nos datos da inscrición. **A perda da tarxeta S.I implica o pago de 30€.** As pinzas en aluguer **devolveranse en secretaría no momento da descarga dos datos da carreira.**

O Pago das inscricións realizarase no seguinte nº de conta de La Caixa:

IBAN ES59 2100 4370 5902 0005 6255

Poñendo en concepto:


TRAIL_O OIA + NOME DO CLUBE (OU PARTICIPANTE INDEPENDENTE).

Enviando xustificante de pago a budinhoraid@gmail.com

2ª Proba da Liga Galega de Trail_O 2023 Curro da Valga (Oia)

3 LUGAR DE CONCENTRACIÓN.

O lugar de competición e zonas de estacionamento, están situadas nas seguintes coordenadas **41°59'38.77"N; 8°51'20.06"O**. Debido a situación do lugar de competición, a proba non contara con duchas nin aseos a disposición dos participantes.



Zona embargada, prohibido aparcar na zona de competición.

3.1 COMO CHEGAR.

Para acceder o centro de competición:

- Dende A Coruña e Pontevedra:

2ª Proba da Liga Galega de Trail_O 2023 Curro da Valga (Oia)

Coller **AP-9** ata a **saída 161 Dirección AG57/VG20**, seguir por **AG-57** ata o final e coller a nacional **PO-552** dirección **Oia, A Guarda** 7,5 Km ata cruce a esquerda dirección **Loureza, Torroña, Burgueira**.

Dende este punto estará sinalizado coa típica **frecha de orientación**, 5,5 Km ata o centro de competición.

<https://goo.gl/maps/bi9enSsTw8Q2>

- **Dende Ourense:**

Coller **A-52** ata a **saída 307** e incorporarse a **A-55** dirección **Vigo**, seguir por **A-55** ata a **saída 8A** dirección **AG-57/Baiona**.

Circular por **AG-57** ata o final e coller a nacional **PO-552** dirección **Oia, A Guarda** 7,5 Km ata cruce a esquerda dirección **Loureza, Torroña, Burgueira**.

Dende este punto estará sinalizado coa típica **frecha de orientación**, 5,5 Km ata o centro de competición.

<https://goo.gl/maps/PAvPep7KaPJ2>



Final da AG-57, dirección Oia, A Guarda.

2ª Proba da Liga Galega de Trail_O 2023 Curro da Valga (Oia)



Cruce en Oia dirección Loureza, Torroña, Burgueira.

4 SISTEMA DE CRONOMETRAXE.

No evento usarase o sistema de cronometraxe Sportident con pinza electrónica para o control dos tempos e tamén se utilizará para indicar a resposta dos desafíos. sendo este o principal sistema de control. Aqueles que non posúan unha poderán alugala no momento da inscrición.

Faise entrega de unha tarxeta de control por corredor para picar as respostas dos desafíos mediante pinza tradicional. Sistema de control secundario, por si falla a tarxeta Sportident.

Non se entregarán tickets de descarga.

As reclamación poderán ser feitas de forma online, dirixíndoas a fegado.xuicescontroladores@gmail.com ou a través dun escrito presentado na secretaria ou a xuíz da proba o mesmo día da proba antes do remate da mesma.

5 PROTOCOLO COVID.

Obrigado cumprimento do Protocolo Fisiocovid da FEGADO:

2ª Proba da Liga Galega de Trail_O 2023 Curro da Valga (Oia)

https://fegado.es/web/uploads/documents/file/90a/6214d90774-actualizacion-protocolo-fisicovid-fegado_act-feb2022.pdf

A inscrición inclúe unha **declaración responsable** que implica coñecer e aceptar o Protocolo Fisicovid vixente.

6 PREMIOS.

O remate da proba sobre as **19:30 horas**, farase entrega dos trofeos e medallas para os **tres primeiros clasificados** de cada categoría, sen contar as categorías non competitivas.